

LIBROS

Sangue 12

Cris Pavón

URCO-ALCAIÁN, 2014

204 páxinas

12 euros

Vampiras lésbicas adolescentes

Se algunha explotación ten marcado o devir da literatura de supervendas ultimamente é, sen dúbida, a dos vampiros. O mito, que tomou corpo literario no romanticismo, tivo as máis variadas resurreccións nas últimas décadas, das que brillan (máis por popularidade que por calidade) as das autoras norteamericanas Anne Rice e Stephenie Meyer. Con esta perspectiva resulta moi complicado pensar que unha novela sobre vampiros poida sorprender ou achegar elementos novos, ou mesmo ser revolucionaria. a non ser que sexa unha autora como Cris Pavón a que se coloca á fronte dela. Unha autora que, lembremos, tivo os arrestos de autoeditar na rede unha novela tan orixinal e atípica como Limiar de conciencia, e que con este libro inaugura a súa carreira na edición convencional, isto é, no mitificado papel.

Sangue 12 podería ser a cara B da saga Crepúsculo, a historia que aparecerá nos peores pesadelos da conservadora Stephenie Meyer e faría sorrir a algúns dos vellos románticos que alicerzaron o mito vampírico como parte de narracións turbulentas, que falaban antes de atormentados asasinados que de castos mozos contendo os seus impulsos no medio dos bosques. O seu punto de partida é suficiente para espertar interese: unha vampira, eternizada na figura dunha adolescente de trece anos, comeza a facer as beiras a unha rapaza da mesma idade, atraída pola súa menstruación. O escenario, unha cidade galega, o xogo, unha práctica habitual da protagonista, que procura vítimas a través da sedución dende tempos inmemoriais. A trama, que podía ficar nunha historia de amor contemporánea un tanto atípica e politicamente

incorrecta, co tema sobrenatural de fondo, goza ademais dunha serie de factores que a converten en algo aínda máis interesante.

Dun lado, a configuración de Nanda, a vítima e obxecto de paixón vampírica, e que aparece retratada como unha rapaza geek obsesionada pola tecnoloxía e cun carácter teimudo e independente, características moi pouco frecuentes nas personaxes femininas de ficción. Do outro, a historia persoal da vampira, que nos retrotae ao século XIX, e que, a pesar de ser de orixe galega, introduce no seu relato vital o círculo romántico que está na orixe do tema literario do vampiro. A aparición de Lord Byron e John William Polidori, e a importancia dalgún dos relatos fundacionais da literatura vampírica na historia persoal da protagonista, constrúen un diálogo literario culto ausente da maior parte das achegas contemporáneas ao tema. Da mesma forma, a importancia de Frankenstein de Mary Shelley e a relación da vampira con Ada Lovelace (filla de Byron e considerada a primeira programadora informática da historia), consegue levarnos tamén a un territorio no que vibran as referencias culturais femininas (e feministas), un complemento aínda máis estraño neste tipo de obras e que encaixa perfectamente, tanto coas características das personaxes, como coa historia de paixón lésbico-vampírica que compón o tema central da novela. Outros temas que van xurdindo son a capacidade desa mesma paixón para modificar o que somos e o que queremos, a loita por conservar esa adolescencia permanentemente ás portas do mundo adulto, ou o contraste entre a razón e a fantasía. Naturalmente, tamén encadea algúns dos temas inevitables da literatura vampírica, entre eles, a figura do condenado (condenada, neste caso), a persoa capaz de facer cousas terríbeis porque as necesita para a súa supervivencia e que vive o drama de ser un perigo e unha tentación a un tempo, alén de que non deixa de xogar coa responsabilidade inesperada da súa propia redención.

Por todas estas cousas cremos que Sangue 12 é unha novela ambiciosa e atrevida, ademais de sobradamente orixinal para o panorama literario galego. De todas formas, é certo que o ritmo da historia podería estar mellor desenvolvido e que a lectura pide un final lixeiramente máis resolutivo e climático que o que se nos presenta. Tamén deberamos ter en conta que os dous universos que se poñen en contacto (o romántico e o contemporáneo-tecnolóxico) sofren un pouco nas distintas mudanzas do discurso, poñendo un

tanto en cuestión a solidez de narración. Porén, non son deméritos que deban impedirnos gozar dalgũa das súas virtudes, entre as que tamén se conta a incorporación da nosa cultura e da nosa xeografía urbana dentro do seu relato.

Mario Regueira